



BANDO DA ALCALDÍA

O presente bando ven determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor desfrute das festas das fogueiras de San Xoán 2023 por parte da veciñanza de Arzúa.

En consecuencia, e en uso das facultades concedidas pola lexislación vixente

DISPOÑO

1. SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS, SARDIÑADAS, CHURRASCADAS OU SEMELLANTES:

a) Lémbrese que a celebración de fogueiras, sardiñadas, churrascadas e semellantes con motivo da celebración das festas do San Xoán están **suxeitas a comunicación ao Concello**.

Esta comunicación poderá realizarse presencialmente no rexisto do Concello de Arzúa ou telematicamente a través do enderezo policia.local@concellodearzua.gal, a través do modelo de solicitude.

Haberá dous modelos de solicitude:

1. Solicitude para a realización de fogueiras, sardiñadas, churrascadas ou semellantes en dominio público.

2. Comunicación para a realización de fogueiras, sardiñadas, churrascadas ou semellantes en espazos privados.

O prazo máximo de presentación de solicitudes rematará o xoves, 22 de xuño, ás 15 horas.

b) O horario das fogueiras de San Xoán establécese a partir das 19 horas do día 23 de xuño .

c) As fogueiras non poderán ter unha altura superior á que determinen os Servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias a edificios e a

outros elementos, e en todos os ámbitos non poderá ter unha altura superior a 3 metros.

d) Non está permitido o uso de combustíbel nin acelerantes nas fogueiras, sardiñadas, churrascadas ou semellantes.

e) Non se poderán utilizar nas fogueiras materiais que poidan deixar restos cortantes e perigosos. As fogueiras, sardiñadas, churrascadas e semellantes non poderán realizarse ocupando calzadas nin entorpecer a circulación de vehículos.

f) Nas zonas onde se realicen as fogueiras, sardiñadas, churrascadas e semellantes, unha vez finalizadas, as persoas responsábeis das mesmas deberá restablecer as condicións de limpeza, seguridade e hixiene.

2. SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS:

Os Servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto de Ordenanzas Municipais, de maneira que no suposto de que as persoas responsábeis de instalacións, actos, eventos (incluídas a celebración de fogueiras, sardiñadas, churrascadas e semellantes) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de seren requeridas por iso por razóns de seguridade poida proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen perxuízo da indicación, se é o caso, do expediente sancionador que puidera corresponder.

Arzúa, a 19 de xuño de 2023.

O Alcalde



Xoán Xesús Carril Ramos



**SOLICITUDE PERMISO
FOGUEIRAS SAN XOÁN ARZÚA 2023
DOMINIO PÚBLICO**

Datos relativos ao/á responsable		
Apelidos		Nome
NIF	Teléfono	Correo electrónico

Enderezo de empadronamento da persoa responsable		
Lugar	Núm	Parroquia

Tendo coñecemento do Bando de Alcaldía con motivo da celebración da Festa de San Xoán no noso Concello,

SOLICITO que se vai a proceder a realización de:

FOGUEIRA	☐	LUGAR:	
SARDIÑADA	☐	LUGAR:	
CHURRASCADA	☐	LUGAR:	
NÚMERO DE PERSOAS			
OUTROS DATOS			

En Arzúa, a ____ de _____ de 2023.

Sinatura:

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica. Máis Información: https://sede.concellodearzua.com/sxc/gl/sobrelasede/proteccion_datos/

ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA



COMUNICACIÓN FOGUEIRAS
SAN XOÁN 2023
ESPAZO PRIVADO

Datos relativos ao/á responsable		
Apelidos		Nome
NIF	Teléfono	Correo electrónico
Domicilio de empadramento da persoa responsable		
Luga	Núm	Parroqui

Tendo coñecemento do Bando de Alcaldía con motivo da celebración da Festa de San Xoán no noso Concello,

COMUNICO que se vai a proceder a realización de:

FOGUEIRA	☐	LUGAR:	
SARDIÑADA	☐	LUGAR:	
CHURRASCADA	☐	LUGAR:	
NÚMERO DE PERSOAS			
OUTROS DATOS			

En Arzúa, a ____ de ____ de 2023.

Sinatura:

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica. Máis Información:
https://sede.concellodearzua.com/sxc/gl/sobrelasede/proteccion_datos/

ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA

